OUTUBRO 2025

CIG Confederación Intersindical Galega ENSINO

informa

www.cig-ensino.gal

O día 28 «viramos San Caetano» e o 29 descentralízanse as mobilizacións diante das Delegacións Territoriais da Xunta

Os sindicatos convocantes da folga propoñen rodear o edificio da Xunta o martes para forzar un xiro ás súas políticas e o mércores manifestacións nas cidades da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Ante o inmobilismo da Consellaría de Educación que o único xesto que fixo estes días foi cubrir algunha vacante que levaban reclamando os centros de infantil e primaria desde comezos de curso, mantéñense as convocatorias de folga e a man tendida dos sindicatos convocantes a iniciar unha negociación na que se aborden as principais reivindicacións do profesorado galego, após 15 anos de recortes.

A CIG-Ensino convoca mobilizacións para as dúas xornadas de folga os próximos días 28 e 29 de outubro que consistirán o martes nunha acción que denominan «**Imos virar San Caetano e facernos escoitar**» e o mércores en **manifestacións descentralizadas nas catro capitais de provincia** e que rematarán diante das Delegacións Territoriais da Consellaría de Educación. No primeiro caso trátase dunha cadea humana en movemento que pretende simbolicamente forzar á administración galega a **darlle un xiro ás súas políticas, rectificando os recortes dos últimos anos para que o profesorado recupere os seus dereitos e se vexa recoñecido como merece**. A CIG-Ensino propón ás persoas asistentes que fagan ruído a modo de cazolada tamén para facerse escoitar levando as tradicionais potas e cazos pero tamén materiais de uso educativo habituais como pitos, xogos educativos, instrumentos musicais, ferramentas de ciclos formativos… para levar o ambiente sonoro das aulas galegas ás rúas. Así mesmo, proponse que, aproveitando que está próximo o Samaín, o profesorado lle leve cabazas ao conselleiro en sinal de rexeitamento pola súa falta de diálogo, así

como pancartas e faixas reivindicando a situación concreta do seu centro educativo ou colectivo ou xenérica pola mellora do ensino público.
A convocatoria está fixada para as 12 da mañá e o sindicato porá servizo de buses para facilitar a asistencia do profesorado desde os distintos puntos de Galiza.

«[As mobilizacións] consistirán o martes nunha acción que denominan "Imos virar San Caetano e facernos escoitar" e o mércores en manifestacións descentralizadas nas catro capitais de provincia»

Para o mércores 29 están convocadas catro manifestacións de forma simultánea nas capitais de provincia galegas, atendendo a demanda do profesorado de descentralizar as mobilizacións para facilitar a participación daquelas persoas que non se poden desprazar até Compostela. A continuación destácanse os lugares de saída ás 11:30 horas, dado que todas finalizarán nos edificios das Delegacións Territoriais da Consellaría de Educación confluíndo ás 12 do mediodía:

- **A CORUÑA:** Rúa San José de Calasanz, nº 5 (CEIP Alborada)
- **LUGO:** Praza da Horta do Seminario
- **OURENSE:** Dirección Territorial de Educación na Rúa Concello nº 11
- **PONTEVEDRA:** IES Valle Inclán no paseo de Montero Ríos

A CIG-Ensino anima ao profesorado galego a que durante esta semana organice calquera outra acción reivindicativa que considere necesaria de cara aos dous días de folga e que nola comunique para darlle visibilización.

A CIG-Ensino propón na Mesa Sectorial unha maior dotación de persoal de atención á diversidade en todos os centros e a redución da ratio en orientación

Na negociación da orde do concurso de traslados e do concurso de orientación o sindicato maioritario avogou pola ampliación do catálogo dos centros de infantil e primaria e a fixación de criterios para estabelecer os cupos do resto de centros.

O sindicato aproveitou o primeiro órgano de negociación deste curso coa Consellaría para trasladar unha proposta coa que se blindaría unha mellor atención á diversidade en todas as etapas, unha reclamación que supón un punto de unión de toda a comunidade educativa e que contou co respaldo de todas as organizacións sindicais. A secretaria nacional da CIG-Ensino –en declaracións aos medios– fixo un chamamento ao resto de sindicatos a que apoiaran as folgas do día 28 e 29 para trasladar a unidade que xa se dá entre o profesorado arredor das demandas laborais e de mellora do ensino público á unidade sindical.

Delegados e delegadas da CIG-Ensino concentráronse esta mañá antes da celebración da Mesa Sectorial docente convocada pola Consellaría para analizar o borrador da Orde que regula o Concurso de traslados para o vindeiro curso 25/26 e da Orde que regula o concurso de postos de orientación para centros de infantil e primaria. Uns procedementos nos que na última convocatoria obtiveron praza un total de 2.568 docentes (1405 de Secundaria, 1109 de Primaria e 24 de Orientación). A concentración transcorreu en silencio emulando a resposta que obtiveron até o momento por parte da Consellaría de Educación á súa demanda de que se iniciase unha negociación real na que se abordasen melloras laborais e do sistema educativo público galego. Pasadas as mobilizacións de setembro e ás portas de dúas novas xornadas de folga os días 28 e 29 de outubro o sindicato maioritario no ensino público levou á Mesa Sectorial unha proposta que pretende ir no camiño de acadar estas melloras reais **cunha maior dotación de persoal para atender á diversidade en todas as ensinanzas**, que viría acompañada de **tres medidas diferenciadas** e que se poderían materializar en paralelo á convocatoria das vacantes previstas nestes dous concursos:

1. **A ampliación do catálogo de postos de traballo dos centros de educación infantil, primaria e especial que data do ano 2007** e que contara co apoio unánime de todas as organizacións

sindicais. «É obvio –como explicou a secretaria nacional da CIG-Ensino na súa intervención primeiro ante os medios de comunicación e a continuación na Mesa Sectorial– que as circunstancias no ensino público galego mudaron moito nestes últimos case 20 anos, polo que é preciso actualizar este catálogo e adecualo á nova realidade nestas etapas, con maior alumnado con diagnósticos que esixen unha atención temperá e individualizada, maior alumnado migrante e maior alumnado con necesidades escolarizado en centros ordinarios. A nosa proposta é aberta, pedimos que se fixen uns **criterios máis amplos para a dotación de persoal de Pedagoxía Terapéutica e de Audición e Linguaxe con destino definitivo nos centros**. Esta medida é fundamental para darlle estabilidade aos cadros de persoal e atender a alumnado que, lembremos, con carácter xeral pasa 9 anos nestas ensinanzas».

«As circunstancias no ensino público galego mudaron moito nestes últimos case 20 anos, polo que é preciso actualizar este catálogo e adecualo á nova realidade nestas etapas»

Esta demanda, como indicou Laura Arroxo, vén a completar o recollido no propio **Acordo sobre cadros de persoal de infantil e primari**a aínda en vigor e que marca como obxectivos da administración educativa os seguintes:

- ***A atención á diversidade do alumnado dos centros públicos de educación infantil e primaria.***

- ***A atención do alumnado con necesidades educativas específicas e a detección temperá das dificultades, ampliando con este fin as prazas de orientación educativa, de pedagoxía terapéutica e audición e linguaxe.***

- ***Naqueles centros ordinarios que integren alumnado con necesidade educativa específica poderanse incrementar os catálogos en función do número e tipo de necesidades, especialmente de PT e AL.***

- ***Asemade, nos centros ordinarios que non conten con PT e AL a Administración educativa adoptará as medidas oportunas para atender as necesidades que se presenten.***

2 **Dotación de especialistas de atención á diversidade noutras ensinanzas e criterios unificados para a fixación dos cupos.** Dado que nos próximos meses se van negociar as vacantes definitivas para o vindeiro curso a CIG-Ensino propón tamén **incrementar as prazas definitivas de PT nos institutos e crealas nos centros integrados de FP (nos que haxa FP básica polo menos), así como de AL nos institutos.** A maiores o sindicato tamén plantexou que, partindo do número de prazas estruturais existentes nos centros, é preciso estabelecer uns criterios para fixar o cupo de profesorado, dado que actualmente existen diferenzas dificilmente xustificábeis entre os mesmos malia contar con características moi semellantes.

3 **Maior dotación de persoal de orientación.** A CIG-Ensino tamén propuxo que tanto no concurso de traslados do vindeiro curso como no de orientación de primaria se inclúa a redución da ratio de alumnado por cada profesional de orientación até acadar a **proporción de 1 por cada 250 que recomenda a UNESCO.** Neste sentido, a secretaria nacional do sindicato nacionalista pediu á Consellaría que **retire as 187 vacantes e resultas de orientación compartida** que pretenden convocar no concurso de primaria, algunha delas entre 3 centros diferentes, para establecer uns **criterios que limiten este tipo de prazas**. Ademais solicitou **que se dote con persoal de orientación definitivo o resto de centros**, unha medida que beneficiaría sobre todo ás ensinanzas de réxime especial nas que non está contemplada esta figura.

Desde a CIG-Ensino considérase que esta proposta é viábel e foi apoiada polo resto de organizacións sindicais con representación na Mesa Sectorial. «Esta é, por tanto, unha das reivindicacións comúns de toda a comunidade educativa –comentou Arroxo– e que suporía un avance moi relevante para todo o ensino público porque todas as etapas se verían beneficiadas». Para o sindicato a ampliación do catálogo e a fixación de criterios máis claros para marcar os cupos de profesorado servirían ademais para que «cada curso os centros non teñan que mendigar máis profesorado e se poidan organizar con antelación».

RESPOSTA DA ADMINISTRACIÓN

Os responsábeis da Dirección Xeral de Centros e RRHH admiten que hai moitas necesidades nos centros pero defenden que «xa están dando resposta mediante a baixada de ratios en infantil que o ano que vén se consumará e a dotación de profesionais de forma temporal». A respecto disto tamén admitiron que hai moitos profesionais de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe con destino provisional pero achácano a que convocaron moitas prazas nas OPEs por riba das xubilacións, non a decisións como as indicadas pola CIG-Ensino como «o aumento do alumnado con necesidades, diagnósticos ou migrante; a eliminación da convocatoria de atención preferente…».

CHAMAMENTO PÚBLICO ÁS OUTRAS ORGANIZACIÓNS A UNIRSE Á FOLGA

A secretaria nacional da CIG-Ensino aproveitou a súa presenza diante dos medios para facer un chamamento ao resto de organizacións sindicais a apoiar esta proposta. «Non é a primeira vez que o dicimos e agora ademais facémolo propoñendo unha negociación sobre un punto fundamental como é a atención á diversidade. Ademais facemos de novo unha chamada a sumarse ás convocatorias de folga do martes 28 e do mércores 29 para acompañar coa unidade sindical a unidade que xa se está dando nas protestas do profesorado», incidiu.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal